

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Maruxa Seoane, a Luís Seoane do 23/01/1962

Colección:

Data: 23/01/1962

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Maruxa Seoane; Luís Seoane;

Orixe:

Pontevedra (municipal), Pontevedra (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita co membrete:] V. Paz-Andrade / Abogado / Policarpo Sanz, 22. Tel 1562 / Vigo

Mencionados:

Rafael Dieste; Pilar Rodríguez de Prada; Arturo Souto;

Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Maruxa Seoane, a Luís Seoane do 23/01/1962

Pontevedra, Sanatorio Dominguez, 23/1/62

Queridos Luis e Maruxa:

Moitas gracias pol-a vosa carta do 9. Chegou a nos, con moitas mais, en horas ben amarguradas, que por fortuna xa non revisten tanto rigor e permiten agardar unha recuperación mais ou menos demorada, mais sen graves limitacións residuales. Onte, nos raios X, descubriuse unha nova fractura fisuraria da 2ª lumbar, mais en vías de consolidación. O mesmo camiño levan as de clavícula e coxis, pro as pernas aínda darán moito que facer. As fracturas soldan ben, mais a reeducación será dura, pola bilateralidad das crebaduras. Ando agora nos primeiros tanteos, que son d-unha dificultade inverosímil. Todo se irá vencendo, si o corpo axuda.

Os Dieste chaman con frecuencia desde Rianxo, onde Rafael debe atoparse coma o peixe na y-auga. Todos nos contentaremos moito de que veñades pra fin de ano, se non antes. Y moito mais sabendo que pensades estar tempo, pois d-este xeito terá unha verdadeira compensación o viaxe e teremos vagar pra moitas angueiras, que

poden facerse a base d-un contacto maior.

Hoxe recibin unha nova carta de Souto. Pensa vir en marzo ou abril, mais eu non estou demasiado seguro. Parez que non se atopa ben do sistema nervoso, e cecais esta doencia exerza influxo nas suas decisións transcendentales.

Nada mais, queridos Luís e Maruxa. Esperamos acoller a vosa cordial presenza no novo fogar de Samil, con sol e ledicia novas, que nos enchan de alento pra seguir na loita. Apertas cordiaes de

Valentín

[Escrito na marxe dereita, arriba:] P.D. A pesar do que dí Pilar, ela tamen está internada. Tuvo que sufrir unha pequena intervención, da que está casi repostada. O disgusto, naturalmente, agravou a sua doencia.

[Escrito na marxe esquerda:]

Como Valentín os dice todo, nada más me queda que enviaros un abrazo con el cariño de siempre.

M^a Pilar

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.